



## BASES DO CONCURSO DO ANTROIDO 2015 CONCELLO DE BOIRO

A concellería de cultura do Concello de Boiro, convoca unha nova edición do tradicional concurso de disfraces e carrozas que se realizará no marco das actividades de antroido 2015 o martes, día 17 de febreiro na Praza de Galicia

### 1. Participantes

Neste concurso poderán inscribirse todas as asociacións, comunidades, grupos culturais, festeiros, veciñais...ou persoas que o desexen.

### 2. Modalidades:

- Individuais /Parella
- Grupos
- Carrozas

Individual/Parella: Poden participar a partir de 13 anos, farán constar o nome do disface e da persoa que se presenta.

Grupos: Considérase grupo aquel que este formado por alomenos tres participantes maiores de 13 anos cunha temática común.

Carroza: Considérase carroza a un aparello móbil conformado por unha plataforma ou varias(sexa cal sexa o seu tamaño) debidamente adornadas. A carroza estará formado de alomenos catro persoas

**3. Inscripción:** As persoas interesadas poderán inscribirse na Casa da Cultura "Ramón Martínez López" ata ás 14:00 h do luns, día 16 de febreiro ou no mesmo día do concurso na Praza de Galicia dende ás 17:30 h ata ás 18:50 h.

**4. Premios:** Aos premios maiores de 300 € aplicaráselle a súa retención do 20 % segundo o regulamento do IRPF. Para optar aos premios os disfrazados deberán participar no desfile. Os gañadores do concurso en cada unha das categorías obterán os seguintes premios:

### INDIVIDUAÍS GRUPOS CARROZAS

1.º 180 €	1º 300 €	1º 550 €
2º 160 €	2º 280 €	2º 300 €
3º 140 €	3º 220 €	3º 250 €
4º 120 €	4º 200 €	4º 150 €
	5º 150 €	

A entrega de premios farase en metálico o martes, día 17 de febreiro, unha vez rematado o concurso.

Toda interpretación sobre as presentes bases correspóndelle unicamente ao xurado

### 5. Lugar e hora:

Os disfrazados nas diferentes modalidades poden presentarse ata ás 18:50 h na Praza de Galicia ante a organización no lugar reservado. O desfile dará comenzo ás 19:00 h, todos os participantes formarán parte del que percorrerá as rúas Robustiano Pérez del Río, Santos Mieites, Pablo Iglesias, Praza da Mancomunidade, Rúa Principal e rematará na Praza de Galicia. No desfile os participantes deberán levar en todo momento o dorsal facilitado pola organización

### 6. Xurado

O xurado estará composto por dous técnicos de cultura e polas concelleiras de ensino e educación do concello de Boiro e queda facultado para resolver todos os aspectos que non estean contemplados nas presentes bases.

A denominación das carrozas, grupos e disfraces en caso de dúbida será determinada polo xurado.

O xurado resérvase a posibilidade de declarar algún premio deserto ou transferilo a outra categoría.

A decisión do xurado darase a coñecer o día 17 de febreiro de 2015 na Praza de Galicia e será inapelable.

Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar obrigada a comunicalo previamente.

